



Concello de Cangas



ACORDO DE INCORPORACIÓN A PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO

CONCERTADO POR:

Dunha parte, a **Oficina Municipal de Voluntariado** con número de rexistro **L-217** e, no seu nome e representación, M^a Mar Núñez Villar, maior de idade, con D.N.I. nº 78.738.339R, en calidade de Técnico de Voluntariado.

Doutra parte, _____ e, no seu nome e representación, _____, maior de idade, con D.N.I. nº _____, veciño/a de _____, con domicilio na rúa _____ (en adiante, A ENTIDADE RECEPTORA).

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente **ACORDO DE COLABORACIÓN**, aos fins do cal

MANIFESTAN:

I.- A OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO está constituída con personalidade xurídica dependente do Concello de Cangas, e ten como obxecto e fins:

- Promover a cultura da solidariedade.
- Potenciar e fomentar as accións para crear un voluntariado de calidade.
- Sensibilizar do valor e necesidade da participación do voluntariado na sociedade.
- Actuar de mediadora entre as entidades de voluntariado e as persoas que desexen desempeñar un labor solidario, así como facer un seguimento das traxectorias respectivas de organizacións e dos voluntarios/as.
- Facilitar a incorporación das persoas interesadas en colaborar de forma altruísta en proxectos sociais e responder ás inquiredanzas e intereses individuais.
- Presentar un punto de referencia de información e formación voluntaria, como oficina que actúa a nivel local, autonómico e internacional.
- Coordinar, xestionar, supervisar e avaliar as actividades de acción Voluntariado.
- Prestar servizo ás Entidades de Acción Voluntaria e ás persoas con potencial voluntario para satisfacer as súas inquietudes.

II.- A ENTIDADE RECEPTORA está interesada en colaborar no marco dalgún programa de voluntariado ou desenvolver unha actividade propia de interese social con persoas voluntarias.

III.- Para formalizar as relacións que ámbalas dúas partes queren establecer, dando cumprimento ao disposto no artigo 11 da Lei 10/2011 do 28 de novembro, da acción voluntaria de Galicia, e polo que se realiza o presente **ACORDO DE COLABORACIÓN**, que se rexerá polas seguintes,



Concello de Cangas



CLÁUSULAS

Primeira- A OFICINA DE VOLUNTARIADO ten as seguintes obrigas:

- a. Facilitar a incorporación de persoas voluntarias nos programas de interese social que propoñan as Asociacións Receptoras.
- b. Cumprir os compromisos adquiridos coa Asociación Receptora, respectando os seus fins e normativa.
- c. Gardar confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da colaboración.
- d. Rexeitar calquera contraprestación material que puidera recibir, ben da persoa beneficiaria, ben doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- e. Participar nas tarefas formativas, tanto específicas da actividade voluntaria, como xerais sobre o voluntariado.
- f. Definir as liñas de colaboración e acordar as instrucións axeitadas aos fins da acción para transmitilas aos voluntarios/as.
- g. Subscribir unha póliza de seguro, que cubra os riscos derivados da acción do voluntariado tanto a responsabilidade civil como os accidentes.
- h. Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios adecuados para o cumprimento dos seus cometidos.

Segunda. Deberes da Asociación Receptora:

A Asociación Receptora comprométese coa persoa voluntaria, a:

- i. Cumprir os compromisos adquiridos neste acordo.
- j. Comunicar tódalas accións pertinentes referidas ao desenvolvemento da acción Voluntaria á persoa Responsable do Voluntariado.
- k. Evitar a remuneración ou entrega de obsequios ás persoas voluntarias, xa que os seus actos son froito do altruísmo
- l. Non substituír ningún posto de traballo profesional e/ou remunerado con persoas voluntarias.
- m. Establecer os sistemas internos de información e orientación axeitados para a realización das tarefas que sexan encomendadas ao voluntario/a.
- n. Proporcionar a formación específica e a orientación necesaria para a súa actividade.
- o. Garantir a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- p. Facilitarlle unha acreditación que habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- q. Expedir un certificado que acredite os servizos prestados.
- r. Dispoñer dun tempo de reunión para planificación, coordinación e avaliación da colaboración.



Concello de Cangas



Terceira.- Contido das funcións e actividades da persoa voluntaria:

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración nas seguintes actividades da ENTIDADE:

1. .
2. .
3. .
4. .

Cuarta.- Tempo de dedicación que se compromete a realizar A PERSOA VOLUNTARIA:

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración durante _____ horas semanais, podendo variarse esta frecuencia se previamente é negociada coa dirección do centro.

Quinta.- Duración do compromiso:

O presente acordo terá unha duración indefinida.

Calquera das partes poderá deixalo sen efecto, debendo comunicar a súa decisión á outra parte cunha antelación suficiente, segundo o tipo de colaboración que se estea a prestar e, en todo caso, de forma que non supoña prexuízo para a persoa que recibe a comunicación.

Sexta.-

Para o non previsto no texto do acordo rexerá a Lei 10/2011 do 28 de novembro, da acción voluntaria de Galicia.

E, en proba de conformidade, asinan ambas as dúas persoas que interveñen en

Cangas, _____ de _____ de _____.

Asdo.:
Técnico responsable Voluntariado

Asdo.:
Persoa interesada
